XIGAID

IV Xornada Interuniversitaria Galega de Innovación Docente

Contextos universitarios transformadores:
tecendo redes de futuro

22 de outubro. Salón de actos. Andar 0. Escola Técnica Superior de Arquitectura. Universidade da Coruña

10:00 - 10:30 **Inauguración:**

- **Xabier Martínez Rolán.** Vicerreitor de Docencia e Transformación Educativa da UVigo.
- **Pablo Taboada Antelo.** Vicerreitor de Profesorado e Innovación Docente da USC.
- **Ana I. Ares Pernas.** Vicerreitora do Campus de Ferrol, Igualdade e Responsabilidade Social da UDC.

10:30 - 12:00 **Conferencia inaugural:**

A min pásame o mesmo

Da queixa compartida ás decisións que funcionan na aula de hoxe.

Dr. Antonio Fernández-Coca. Universitat de les Illes Balears

12:00 - 12:30 **Pausa café na cafetería. Andar -2**

InspirAcción: Propostas prácticas para o traballo na aula

12:30 - 13:30 **InspirAcción 1:** E agora que a IA pode facelo, que facemos nós?

- **Carlos J. Escudero Cascón.** UDC

13:30 - 14:30 **InspirAcción 2:** Epidequé: acercando a Epidemioloxía á sociedade e ás aulas

- **Mónica Pérez Ríos.** USC

14:30 - 16:00 **Xantar**

UNIVERSIDADE DA CORUÑA USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA Universidade Vigo

XIGAID

IV Xornada Interuniversitaria Galega de Innovación Docente

Contextos universitarios transformadores:
tecendo redes de futuro

22 de outubro. Salón de actos. Andar 0. Escola Técnica Superior de Arquitectura. Universidade da Coruña

16:00 - 17:00 **InspirAcción 3: Docencia e IA xerativa, con sentidiño: sete preguntas e unha ferramenta.**

- **Manuel Caeiro Rodríguez.** UVIGO

17:00 - 18:30 **Mesa redonda: Pílulas de boas prácticas no marco dos grupos de innovación docente**
Modera: José A. García Naya (Director do CUFIE)

Radiografía do profesorado innovador na formación inicial docente.

- **Olalla García Fuentes** (GID PrInnoTecA) UVIGO.

Da colaboración Escola-Universidade ás aulas para pensar: dúas experiencias de innovación docente.

- **Marcos Loureiro García** (GID RIME) UVIGO

Pausas activas e rutinas de movemento en Educación Infantil: impacto no desenvolvemento físico, mental e social.

- **Jose Eugenio Rodríguez Fernández e Alba Oliveira Baleirón.** (GID-IAFSE) USC

ApS e eco-semiótica da paisagem : percepção social e caracterização científico-técnica da paisagem

- **Emilio Carral Vilariño.** USC

Abrir o laboratorio: experiencias de aprendizaxe alén da práctica tradicional.

- **Esteban Jove Pérez** (GID G-IDEO) UDC

Da IA á práctica docente: unha experiencia de uso responsable no deseño de sesións educativas

- **María Cristina Pérez Crego** (GID IMETTIC) UDC

18:30 **Clausura e peche a cargo de José A. García Naya (Director do CUFIE)**



ANTONIO FERNÁNDEZ COCA. UIB

Antonio leva trinta anos dentro da aula universitaria. Cando a intelixencia artificial chegou a ela, el xa sabía de que estaba feita esa aula por dentro.

É Profesor Titular na Universitat de Iles Illes Balears, doutor, exvicerrector de Campus Dixital e Transmedia e actual Director de Formación do PDI.

Deseña e imparte programas de formación docente para universidades como as de Illes Balears, A Coruña, Alicante, Castellón, La Rioja ou o grupo G9, sempre co mesmo foco: contidos que ensinan de verdade en tempos de economía da atención e intelixencia artificial.

Coa Universidade da Coruña xa traballa de forma directa a través do seu plan de formación do PDI; o resto do sistema universitario galego ten agora, en XIGAID, a súa primeira oportunidade de comprobalo en persoa.

É autor do primeiro libro publicado en español sobre produción e deseño web (Paidós, 1998) e pioneiro en MOOC, vídeo e pódcast educativo en fala hispana, con máis de tres millóns de reproducións acumuladas. Escribiu para El País, Telos e The Conversation. Foi conferenciante en máis de vintecinco universidades e institucións de España e América Latina.

Antonio non fala desde a teoría que tamén investiga, senón desde tres décadas de aula real, con estudantes reais e decisións que tiveron que funcionar.

Non vende tecnoloxía: probouna, redeseñouna e descartouna cando non servía. A súa autoridade non vén dun currículo lido en voz alta, senón da precisión coa que nomea un problema que a maioría do profesorado recoñece, pero poucos atrévense a dicir en voz alta.

Máis información: https://coca.plus - https://linkedin.com/in/fernandezcoca

CARLOS J. ESCUDERO CASCÓN. Universidade da Coruña



Enxeñeiro de Telecomunicación, doutor en Informática e catedrático da Universidade da Coruña. Desenvolve a súa actividade docente na Facultade de Informática e a súa investigación no ámbito do CITIC, centrada no procesado de sinal, as comunicacións e a intelixencia artificial.

Conta cunha dilatada traxectoria universitaria, recoñecida con seis sexenios de investigación e seis quinquenios docentes.

Como adxunto TIC da UDC durante os últimos anos, impulsou a transformación dixital e a incorporación da intelixencia artificial na universidade. Combina esta experiencia investigadora e de xestión coa aplicación práctica da IA xenerativa na aprendizaje e na avaliación na aula.



MÓNICA PÉREZ RÍOS. Universidade de Santiago de Compostela

Profesora Titular na Área de Medicina Preventiva e Saúde Pública da Universidade de Santiago de Compostela (USC), directora do Mestrado en Saúde Pública da USC e directora da Cátedra de Estilos de Vida Saudable.

É epidemióloga cun doutoramento en Epidemioloxía e Saúde Pública (USC-03). A súa investigación céntrase no impacto de diferentes factores de risco conductuais na saúde. Mantivo unha intensa actividade investigadora desde 2020, con aproximadamente 200 publicaciones indexadas en revistas JCR.

Dirixiu 12 teses doctorais no campo da epidemioloxía das enfermidades non transmisibles, tres das cales recibiron premios Extraordinario de Doutorado. Realiza estancias de investigación nas Universidades de Harvard y Brown (EE. UU.), e recibiu o Premio da Sociedade Española de Epidemioloxía ao Mellor Artigo de Epidemioloxía en 2020 e 2025, xunto con dous premios nacionais ás mellores teses de máster en Saúde Pública.

MANUEL CAEIRO RODRÍGUEZ. Universidade de Vigo



Catedrático de universidade no Departamento de Enxeñaría Telemática da Universidade de Vigo, na Escola de Enxeñaría de Telecomunicación. É tamén coordinador do Máster Inter-Universitario en Ciberseguridade impartido conxuntamente entre as universidades de Vigo e da Coruña.

A súa investigación céntrase nas tecnoloxías educativas: contornos de formación en liña, analítica da aprendizaxe, aprendizaxe autorregulada, recursos educativos abertos, realidade virtual e, nos últimos anos, os usos da intelixencia artificial xenerativa na docencia.

En 2024 coordinou o grupo de máis de vinte docentes que elaborou as dúas guías pioneiras da súa escola sobre estas ferramentas nas aulas universitarias, unha dirixida ao profesorado e outra ao estudantado.